

MARÍA MAZÁS

EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA

SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

DO 15 DE XUÑO AO 08 DE XULLO DE 2018

DESEÑO: DIEGO SEIXO A PARTIR DO AUTORRETRATO DE MARÍA MAZÁS - 2018

www.mostrateatrocangas.gal



ningures produción



Concello de Cangas



Auditorio Municipal de Cangas

MARÍA MAZÁS

A CORUÑA, AGOSTO 1960 - OUTUBRO 2017

María Mazás fuxiu dúas veces da casa: aos quince anos, co seu primeiro amor, e cando apenas tiña catro, coa súa almofada baixo o brazo. Camiñou ata o mar do porto da Coruña onde o seu pai atoparía tan contenta e, se cadra, soñando cos mundos que ía crear con tanto oficio e liberdade.

O serradoiro familiar foi o seu prematuro laboratorio. alí equilibrou os seus primeiros pasos nunha particular danza entre centos de anacos de madeira, á procura daqueles que máis chamaban a súa atención para levalos ao seu cuarto onde, precoz, construía os seus primeiros volumes.

Dunha intelixencia sutil e profunda, María Mazás investiu a súa vida na investigación e a creación artística, esculpindo o seu corpo adolescente coa danza e a acrobacia e mergullándose, ao tempo, na expresión plástica á que dedicaría cada minuto da súa curta vida.

Escribiu: "A vida é unha oportunidade e o tempo nunca agardou por min".

Dende aquel iniciático serradoiro, a procura dun taller foi unha constante. Non era quen de vivir sen taller, necesitaba traballar coas mans e coa súa fértil cabeza. De moza, realizando pezas en cartón ou madeira de balsa. Xa en Barcelona, centrando a súa atención nos chapeus, captando todas as súas posibilidades escultóricas, máis alá do mero complemento, atopando as claves básicas do oficio. Os tres anos en Alemaña dedicounos a investigar novas formas e materiais nunca antes utilizados en chapeus, coma tecidos metálicos ou resinas.

O traballo deu o seu froito e chegaron as exposicións. Galerías catalás, italianas, francesas, alemás e galegas expuxeron as súas pezas únicas, auténticas esculturas vivintes nas cabezas das mulleres, nas rúas, nas pasarelas e en espectáculos de teatro e danza.

Dezasete anos despois, en 2003, doou parte da súa obra ao Musée du chapeau de Chazelles sur Lyon, Francia, e deulle un xiro radical á súa arte, entregándose, apaixonada e definitivamente, á pintura e á escultura.

Creou a súa derradeira obra na Coruña, tal e como soñara. Titulouna Poemario Atlántico.

Mulleres en Acción e a MITCFC réndenlle homenaxe celebrando esta exposición e unha xornada con charlas, debates e performances, na que participarán persoas procedentes do mundo académico e das artes plásticas, escénicas, literarias e musicais.

O noso agradecemento a Carmen Gago, Celia Fernández Prieto e á Fundación Carlos Castilla del Pino, pola cesión de obra para esta exposición.